



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZASEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 48)

Presidente:

D. Pablo Rivera Capón

(Presidente accidental, Decreto 16-12-2022)

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezaseis de decembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do deputado Provincial don Pablo Rivera Capón (decreto 16-12-2022) por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, a Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón e a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de decembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil dezanove, polo que se fixa o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno.

Tendo en conta que no dito acordo recóllese que a Xunta de Goberno celebrará sesións os venres de cada semana, as once horas. E que: “de non celebrarse no día e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do mércores seguinte, e salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil”.

Así mesmo, no meritado acordo do Pleno de trinta de xullo de 2019, sinalase que: “Todo elo sen prexuízo de que a Xunta de Goberno poida cambiar por acordo da mesma o día e a hora da celebración das súas sesións, dando conta ó Pleno da Corporación, de conformidade cos arts. 100 e 101 do Regulamento Orgánico da Corporación”.



As dúas últimas sesións do ano da Xunta de Goberno ordinaria correspóndense cos días vinte e tres e trinta de decembro, e dado que son días non laborables nesta Deputación, convocaranse para os días vinte e dous e vinte e nove respectivamente.

Por todo elo esta Presidencia propón á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno correspondentes aos días vinte e tres e trinta de decembro, por tratarse de días non laborables nesta Deputación, se celebren os días vinte e dous e vinte e nove respectivamente, á mesma hora.

2º.- Dar conta do presente acordo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Téndose producido erro na transcripción da proposta anteriormente sinalada, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda corrixir o citado erro no seguinte sentido:

A Xunta de Goberno que corresponde ó día vinte e tres de decembro, celebrarase o día anterior, é dicir o vinte e dous, á mesma hora.

A Xunta de Goberno correspondente ó día trinta de decembro, non sufrirá variación ningunha.”

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE. TEMPORADA 2022-2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 13 de decembro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1. Providencia de inicio do contrato, con CSV: IV7AECQD2B5Y5LGP4IGMIABWMM e CSV: IV7AECXOZYFIVPUZSHURCXXRJ4.

2. Informes xustificativos da necesidade, con CSV: IV7AEC3INAGKWWZ6WQQROAIXB4 e CSV: IV7AECXOEF6C5HHJVT4MMP7O6U.

3. Informes de xustificación de prezos, con CSV: IV7AECQDPFZ2R7MC6V7BMFQPMU e CSV: IV7AEGCKKBFNXCG2UHQNKUXWJY.

4. Informe relativo á desagregación de prezos, con CSV: IV7AEGD6BTWDJSRJ2MXCGQ2PBY e CSV: IV7AECXONZBP3WXYQ55COUYCII.

5. Informe relativo á insuficiencia de medios, con CSV: IV7AECTY34V2VZBCQBEXGVR7OI e CSV: IV7AEKCP3AU6X3UKSBNRCQPVIA.

6. Informe relativo aos criterios de adxudicación, con CSV: IV7AECTD3VOMKSM6STUEONRAII.

7. Informes de Intervención relativos á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7D7QP6DU7PTS436QFWGF7B4I, CSV: IV7C4CKYLPW5UVMP6AQXIXXWNY e CSV: IV7A3WR3JII5VCMMQZOXL5BHEM.

8. Pregos de prescricións técnicas, con CSV: IV7AEIHTIEGSVCXLW3YXELSGOU e CSV: IV7AEIHTLAPC75PPCYIDAZ7HEQ.

9. Informe sobre a forma de pago e a garantía definitiva, con CSV: IV7AEIH5ZPUJGGMK2DYTOYQVMU.

10. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7AEILDFQ7JZOFY5GUCU7XMY.

11. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7AEIL233XYLRBJ6ZIR67SUMA.

12. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7AEPQKMA6P4TEMAL5BGIXF7Y.



13. Acordo de Xunta de Goberno do día 18 de novembro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7AEPQ6H7X5KVF44ZLNQH7XSA4.

14. Convites cursados a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 18 de novembro de 2022.

15. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

16. Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 24 de novembro de 2022, con CSV: IV7AGYB7YAHLT5NOC54NEZXR4I, na que se recolle o seguinte:

“(…) Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, se comunicou polo Servizo de Deportes que se considera preciso examinar o ámbito temporal do lote 1 do referido contrato para unha correcta execución e desenvolvemento das prestacións.

Á vista do anterior, a mesa de contratación acorda adiar a sesión para o día 25 de novembro de 2022, ás 10:00 horas.(…)”

17. Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 25 de novembro de 2022, con CSV: IV7AG77SLJV5Z7HCWLUTJYX6AE, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores convidados a este procedemento e que presentaron a oferta foron os seguintes:

LOTE	LICITADORES
Lote 1	CB BREOGÁN SAD
Lote 2	CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada por ambos licitadores consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adxudicación e proceder á

apertura dos criterios de adxudicación avaliábeis de forma automática-Fase 1, resultando o que se indica a continuación.

Segundo.-Fase 1: Criterios de adxudicación avaliábeis mediante fórmulas matemáticas ou avaliábeis de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas),cos seguintes resultados:

Lote 1:

A empresa CB Breogán SAD, presenta un documento que denomina Anexo II co contido do Anexo I.

Lote 2:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	BAIXA OFERTADA/PUNTUACIÓN
1.-Rebaixa do prezo.(MÁX. 90 PUNTOS). P.B.L.: 305.000,00 €	0,0 / 0 puntos

A mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2) do lote 2, de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite á empresa Club Deportivo Lugo S.A.D. Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP).

No tocante ao lote 1, sendo as 10:46 horas, a mesa de contratación acorda facer un receso, co obxecto de estudar o contido do sobre relativo á oferta económica. Ás 12:01 horas do día de referencia, retómase a sesión da mesa de contratación.

En primeiro lugar signifícase que a mesa de contratación, analizada a incidencia, realiza as seguintes consideracións:

En primeiro lugar, que resulta claro que concorre a vontade do licitador de presentar oferta, posto que achega un documento nomeado como Anexo II no apartado oferta económica; segundo o recollido nos pregos de cláusulas administrativas, o Anexo II, refírese á oferta económica.



En segundo lugar tense en conta a singular natureza do procedemento negociado sen publicidade. Unha posible subsanación da documentación non resultaría incompatible cos principios de publicidade, transparencia, non discriminación e igualdade de trato entre licitadores; polo que estamos perante un suposto no que non hai terceiros perxudicados.

Valórase en terceiro lugar a conservación da actuación administrativa, posto que foi informada a necesidade do contrato, así, de iniciarse un novo procedemento de contratación, negociando co mesmo obxecto licitador e procedemento, se chegaría a idéntico resultado, que no suposto de aceptar a conservación do actuado.

Polo que vai dito, o atoparnos na tramitación dun procedemento extraordinario, no que se dan as especiais circunstancias descritas anteriormente, a mesa de contratación acorda requirir á empresa CB Breogán SAD para que, de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP, presente no prazo de tres días hábiles Anexo II, asinado e debidamente cumprimentado, sen perxuízo de que poida cumprimentar dito trámite sen esgotar o prazo conferido. (...)"

18. Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 29 de novembro de 2022, con CSV: IV7AGOISFRVKJ6FM6JOV4QQBKU, na que se recolle o seguinte:

"(...) En primeiro lugar procédese á apertura do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas) do lote 1, cos seguintes resultados:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	BAIXA OFERTADA/PUNTUACIÓN
1.-Rebaixa do prezo.(MÁX. 90 PUNTOS). P.B.L.: 658.800 €	0,0 / 0 puntos

Acto seguido unha vez comprobado que o Anexo II se atopa asinado dentro do período de licitación, a mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2) do lote 2, de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite á empresa CB Breogán SAD. Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP) (...)."

19. Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 2 de decembro de 2022, con CSV: IV7AHXZCJV7LV2NKAVASGNHFAU, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta que a mesa de contratación en sesións anteriores, acordou iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Tendo en conta que ambos licitadores presentaron a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, procédese á apertura do sobre relativo á segunda fase cos seguintes resultados:

Lote 1: A empresa CB Breogán SAD.

Se compromete a realizar, sen custe engadido para a Deputación Provincial de Lugo

2 Charlas/ Conferencia de promoción do deporte a fronte á violencia de xénero/aceptación do diferente, por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo en centro de ensino primario/secundario en concellos da provincia de Lugo en colaboración coa Deputación de Lugo.

No caso de que non se introduza ningún valor na oferta entenderase que non realiza a mesma e a puntuación será cero puntos, neste apartado.

Se compromete a realizar, sen custe engadido para a Deputación Provincial de Lugo.

2 Actividades/Visitas/Charla SOU Conferencia Sconxuntas con entidades deportivas de outras disciplinas (excluídas as relativas ao contrato de patrocinio: fútbol/baloncesto) por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo.

Atendendo ao disposto nos PCAP, obtén 10 puntos neste criterio.

Lote 2: A empresa Club Deportivo Lugo S.A.D.

Se compromete a realizar, sen custe engadido para a Deputación Provincial de Lugo.

1 Charla/ Conferencia de promoción do deporte a fronte á violencia de xénero/aceptación do diferente, por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo en centro de ensino primario/secundario en concellos da provincia de Lugo en colaboración coa Deputación de Lugo.

Se compromete a realizar, sen custe engadido para a Deputación Provincial de Lugo.

1 Actividade/visita/charla ou conferencia conxuntas con entidades deportivas de outras disciplinas (excluídas as relativas ao contrato de patrocinio: fútbol/baloncesto) por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo.

Atendendo ao disposto nos PCAP, obtén 5 puntos neste criterio.



Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorgar ás licitadoras admitidas a seguinte puntuación e clasificalas atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE 1	
LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
CB BREOGÁN SAD	Fase I +Fase II : 0 puntos+ 10 puntos = 10 puntos

LOTE 2	
LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D.	Fase I +Fase II : 0 puntos+ 5 puntos = 5 puntos

2º.- Requiritir ás empresas CB Breogán SAD e Club Deportivo Lugo S.A.D., para que dentro do prazo de dez días hábiles, presenten para o lote 1 e para o lote 2 respectivamente, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LOTE/EMPRESA	IMPORTE GARANTÍA
LOTE 1: CB BREOGÁN SAD	27.223,14
LOTE 2: CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D.	15.250,00

(...)"

20. Resolución da Presidencia do día 2 de decembro de 2022, con CSV: IV7AHUC6NAUS5OVIBRACO4KSOU, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación,

se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP aos mellor clasificados para cada lote.

21. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 2 de decembro de 2022.

22. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 07 de decembro de 2022 para o lote 1 e o día 08 de decembro de 2022 para o lote 2.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 13 de decembro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que ambas licitadoras presentaron a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. No relativo ao lote 1, incorpórase ao expediente certificado da Recadación Provincial de estar ao corrente de débedas. No tocante ao lote 2, incorpórase ao expediente escritura de constitución do CD Lugo, que figura no expediente 2021/CON_02/000031, consulta na web registradores.org sobre depósito de contas e certificado da Recadación Provincial de estar ao corrente de débedas. Ambas empresas presentan autorización á Deputación Provincial de Lugo, a reter en concepto de garantía, o 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE, de conformidade co estipulado no PCAP (dita retención practícarase no primeiro dos pagamentos a aboar por parte do patrocinador).

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta, polo que se acorda propoñer que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Outorgar ás licitadoras admitidas a seguinte puntuación e clasificalas atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE 1. LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
CB BREOGÁN SAD	Fase I +Fase II : 0 puntos+ 10 puntos = 10 puntos



LOTE 2. LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D.	Fase I + Fase II : 0 puntos + 5 puntos = 5 puntos

2.- Adjudicar á empresa CB Breogán SAD as prestacións incluídas no lote 1 do contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos (Sociedades Anónimas Deportivas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co deporte, por importe de 544.462,81 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 114.337,19 €, o que fai un total de 658.800,00 €.

A empresa adjudicataria se compromete a realizar, sen custe engadido para a Deputación Provincial de Lugo.

2 Charlas/ Conferencia de promoción do deporte a fronte á violencia de xénero/aceptación do diferente, por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo en centro de ensino primario/secundario en concellos da provincia de Lugo en colaboración coa Deputación de Lugo.

2 Actividades/ visitas/ charlas ou conferencias conxuntas con entidades deportivas de outras disciplinas (excluídas as relativas ao contrato de patrocinio: fútbol/baloncesto) por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo.

3.- Adjudicar á empresa CD Lugo SAD as prestacións incluídas no lote 2 do contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos (Sociedades Anónimas Deportivas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co deporte, por importe de 305.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 64.050,00 €, o que fai un total de 369.050,00 €.

A empresa adjudicataria se compromete a realizar, sen custe engadido para a Deputación Provincial de Lugo

1 Charlas/ Conferencia de promoción do deporte a fronte á violencia de xénero/aceptación do diferente, por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo en centro de ensino primario/secundario en concellos da provincia de Lugo en colaboración coa Deputación de Lugo.

1 Actividades/ visitas/ charlas ou conferencias conxuntas con entidades deportivas de outras disciplinas (excluídas as relativas ao contrato de patrocinio: fútbol/baloncesto) por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo.

4.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Outorgar ás licitadoras admitidas a seguinte puntuación e clasificalas atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE 1. LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
CB BREOGÁN SAD	Fase I +Fase II : 0 puntos+ 10 puntos = 10 puntos

LOTE 2. LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D.	Fase I +Fase II : 0 puntos+ 5 puntos = 5 puntos

2.- Adxudicar á empresa CB Breogán SAD as prestacións incluídas no lote 1 do contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos (Sociedades Anónimas Deportivas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co deporte, por importe de 544.462,81 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 114.337,19 €, o que fai un total de 658.800,00 €.

A empresa adxudicataria se compromete a realizar, sen custe engadido para a Deputación Provincial de Lugo.

2 Charlas/ Conferencia de promoción do deporte a fronte á violencia de xénero/aceptación do diferente, por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo en centro de ensino primario/secundario en concellos da provincia de Lugo en colaboración coa Deputación de Lugo.

2 actividades/ visitas/ charlas ou conferencias conxuntas con entidades deportivas de outras disciplinas (excluídas as relativas ao contrato de patrocinio: fútbol/baloncesto) por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo.

3.- Adxudicar á empresa CD Lugo SAD as prestacións incluídas no lote 2 do contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos (Sociedades Anónimas Deportivas) de categorías



estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co deporte, por importe de 305.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 64.050,00 €, o que fai un total de 369.050,00 €.

A empresa adxudicataria se compromete a realizar, sen custe engadido para a Deputación Provincial de Lugo.

1 Charlas/ Conferencia de promoción do deporte a fronte á violencia de xénero/aceptación do diferente, por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo en centro de ensino primario/secundario en concellos da provincia de Lugo en colaboración coa Deputación de Lugo.

1 actividades/ visitas/ charlas ou conferencias conxuntas con entidades deportivas de outras disciplinas (excluídas as relativas ao contrato de patrocinio: fútbol/baloncesto) por parte de como mínimo dous (2) xogadores do primeiro equipo.

3.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Primeiro.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: BALEIRA-RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-5401 “Boel (LU-P-4606)- Martín – A Muíña (LU-750)”, P.K. 1+015 a 7+420.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: BALEIRA-RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-5401 “Boel (LU-P-4606)- Martín – A Muíña (LU-750)”, P.K. 1+015 a 7+420, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra BALEIRA- RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-5401 “Boel (LU-P-4606)- Martín – A Muíña (LU-750)”, P.K. 1+015 a 7+420, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.

2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BUH3IDV5SRWBO2EECIQIEGY.

3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7AGKIIFIGLV7BOUBVXEARS4.

4. Acta de Reformulo Previo, asinada en data 28/11/2022.

5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AHQJTVR2VDU54ZU4OYZFAI.

6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BVTHKZUWN5GPMANGF44ABIA.

8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BVTHJPDRCJH6JXX6AMRXCAM.

9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:



1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: BALEIRA- RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-5401 “Boel (LU-P-4606)- Martín – A Muíña (LU-750)”, P.K. 1+015 a 7+420, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e disponer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 261.170,24 €, dos cales 45.327,07 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 “Ferreira (N-120A) – Currelos (LU-611)”, P.K. 10+907 a 14+700.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 “Ferreira (N-120A) – Currelos (LU-611)”, P.K. 10+907 a 14+700, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 “Ferreira (N-120A) – Currelos (LU-611)”, P.K. 10+907 a 14+700, asinado por D. Héctor Diéguez Aranda.

2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BUH36ED7T6WBN5UP4H5TC6U.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7AGKIOJ3775LUNYAA5AFAXEY.
4. Acta de Reformulo Previo, de data 12/12/2022.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BU4POMFNJ33GDWANV6NKUOI.
6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BWSBNNVZP2WXMWX7FGBRBOQ.
8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BWSB6N3X5L6HZ7UV4LYLXNY.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 “Ferreira (N-120A) – Currelos (LU-611)”, P.K. 10+907 a 14+700, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.



3º.- Aprobar o gasto, por importe de 121.197,92 €, dos cales 21.034,35 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5802 “Porto – O Casar – Córneas (LU-P-4102)”, P.K. 6+485 a 8+025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5802 “Porto – O Casar – Córneas (LU-P-4102)”, P.K. 6+485 a 8+025, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5802 “Porto – O Casar – Córneas (LU-P-4102)”, P.K. 6+485 a 8+025, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BUH3YPYX633FDARXVKVZRCY.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7AGKIPLIBD7BJC6VEMLZZEEE.
4. Acta de Reformulo Previo, asinada en data 28/11/2022.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AGOL2LI5Y5K6NCU4UEQI7OU.
6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BWSBC2HZ67WWZUVUDIQUIKI.
8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BWSBTBUJTTCPS6AYBEFLUIA.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5802 “Porto – O Casar – Córneas (LU-P-4102)”, P.K. 6+485 a 8+025, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 74.303,39 €, dos cales 12.895,63 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: MONTERROSO.- Rehabilitación de firme LU-P-3305 “Sastrexas (LU-640) – Ligonde”, P.K. 5+300 a 8+941.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: MONTERROSO.- Rehabilitación de firme LU-P-3305 “Sastrexas (LU-640) – Ligonde”, P.K. 5+300 a 8+941, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra MONTERROSO.- Rehabilitación de firme LU-P-3305 “Sastrexas (LU-640) – Ligonde”, P.K. 5+300 a 8+941, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BUHXTEAU6RON7SQX5F5T7CU.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7AGKIMIF4C53ED4NM5KJIBBY.
4. Acta de Reformulo Previo, de data 28/11/2022.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AGOL6NH4LXVP63U5CCZTG6Y.
6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BWSB2P5JM35O4UL5AIVTSCM.
8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BWSAJHIW4ZT6P2VFXLYT7EA.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: MONTERROSO.- Rehabilitación de firme LU-P-3305 “Sastrexas (LU-640) – Ligonde”, P.K. 5+300 a 8+941, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 182.465,89 €, dos cales 31.667,63 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLÚIDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lourenzá, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lourenzá no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LOURENZÁ	111	ADQUISICIÓN DE PALA RETROEXCAVADORA	---	50.905,30€	50.905,30€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III relativos á adxudicación do investimento.

5. A Alcaldía do Concello de Lourenzá a través de escrito de data 05/12/2022 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 111, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica dificultades de atopar no mercado un vehículo coas características inicialmente previstas,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LOURENZÁ	111	ADQUISICIÓN DE PALA RETROEXCAVADORA MIXTA	---	50.905,30€	50.905,30€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Lourenzá que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lourenzá, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LOURENZÁ	111	ADQUISICIÓN DE PALA RETROEXCAVADORA MIXTA	---	50.905,30€	50.905,30€



2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Láncara coa finalidade común de colaborar na mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Láncara para a execución dos fins común de mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao, consta no mesmo:

1. Solicitude do Concello de Láncara con número de expediente no GTM: 2022/PES_03/024030, que inclúe ademais:
 - a. Proxecto ou memoria valorada do investimento.
 - b. Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.
2. Memoria de impacto económico, con CSV: IV7BUH352BZYXWFZYN5CC5HWD4.
3. Borrador de convenio con CSV: IV7BUH3535O5URJL4RWX4F2TOU.

4. Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7BUH3SPD7ZJLPOY54QAQKDAI.

5. Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de mellora do firme e seguridade viaria na Avenida Benigno Quiroga na Pobra de San Xiao, con un orzamento total de 186.993,30 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 180.000,00€ euros, dos que 6.000,00 son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2022 e 174.000,00€ na anualidade de 2023.

O investimento prográmase como un gasto plurianual, figurando crédito dispoñible no orzamento de 2023, inicialmente aprobado polo Pleno da Deputación en data 29.11.2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Quiroga coa finalidade común de colaborar na separata para ampliación de cemiterio municipal de Quiroga.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Quiroga para a execución dos fins común de separata para ampliación de cemiterio municipal de Quiroga, consta no mesmo:

1. Solicitud do Concello de Quiroga con número de expediente no GTM: 2022/PES_03/023023, que inclúe ademais:
 - a. Proxecto ou memoria valorada do investimento.
 - b. Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.
2. Memoria de impacto económico, con CSV: IV7BVWXMDXZ3ZS7IWY5DK5BO44.
3. Borrador de convenio con CSV: IV7BVWXMDVZTSS5S7RXVKAZ7KQ.
4. Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7BVWXM3E42JLJJQQIG6MQADY.
5. Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Quiroga coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de separata para ampliación de cemiterio municipal de Quiroga, con un prezo de adxudicación de 358.160,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 80.000,00 euros, dos cales 40.000,00€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2022 e 40.000,00€ na anualidade de 2023.

O investimento prográmase como un gasto plurianual, figurando crédito dispoñible no orzamento de 2023, inicialmente aprobado polo Pleno da Deputación en data 29.11.2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais. Anualidade 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Informe favorable.

Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais. Anualidade 2023.

En relación ao asunto de referencia (EXP 2022/XEN_01/003031) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro: Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e



desenvolvemento da actividade humana no medio rural e que todos os concellos de Galicia, están declarados de alto ou medio risco de incendio.

Os GES complementan a atención das emerxencias e extinción e prevención de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e comarcais, de forma que cobren zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal.

Segundo: A Deputación Provincial de Lugo, veu colaborando dende o no 2013 coa Xunta de Galicia, a FEGAMP, as Deputacións Provinciais de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e diversos Concellos da Provincia de Lugo no financiamento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias de Galicia.

Terceiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 21 de outubro de 2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Aprobar o gasto por importe de 640.000,00 € como gasto anticipado con cargo á aplicación orzamentaria 1361.46200 do orzamento do ano 2023 para financiar os gastos (correntes e persoal) en materia de emerxencias e extinción de incendios derivados do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para a anualidade do 2023, que deberá ser aprobado e ao que se deberán adherir os concellos sede”.

Fundamentos xurídico-administrativos.

Lexislación de réxime local.

Primeiro: Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento

do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segundo: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



Terceiro: No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarto: A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as competencias das entidades locais poden establecerse pola lexislación básica de réxime local, pola normativa autonómica sobre réxime local e tamén polas normas sectoriais tanto estatais como autonómicas; entre estas últimas claramente a Lexislación de emerxencias de Galicia.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeiro: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A

Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segundo: O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro: En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.



Cuarto: No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

1. Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
 2. A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
 3. O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
 4. Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
 5. Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
 6. Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
 7. Réxime de modificación do convenio.
 8. Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
 1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
 2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
- (...)”.

Quinto: Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexto: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo: Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeiro. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá



como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualmente legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segundo. Pola súa banda, o artigo 25.2.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local dispón que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de “policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios”

E segundo o seu artigo 26.1 e), nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes (deberán prestar) ademais: protección civil (...), prevención e extinción de incendios (...)

O artigo 80.2, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, dispón que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:

a. A seguridade en lugares públicos, b) A ordenación de tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, e) A protección civil e a prevención e extinción de incendios.

A lexislación sectorial, nomeadamente a Lei de emerxencias de Galicia (lei 5/2007, de 7 de maio) no seu artigo 10, letra e), dispón que corresponde aos municipios e entidades locais supralocais, no seu caso, a prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, coas previsións do artigo 333.1 da Lei de Administración Local de Galicia (sobre dotación de recursos financeiros aos Concellos para o cumprimento dos fins confiados).

En relación coas provincias, o artigo 26, apartado e) da sinalada Lei Galega de Emerxencias, sinala que corresponden aos seus órganos de goberno garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e salvamento, naqueles concellos que non contan con servizos propios, por non resultar obrigados ou ter obtido dispensa dos mesmos.

En canto aos concellos, no artigo 27 da Lei de emerxencias, establécese que sen prexuízo da competencia xeral en materia de protección civil e xestión de emerxencias que o artigo 10,

atribúe a todos os municipios, corresponden aos concellos de máis de 20.000 habitantes, entre outras, crear o servizo municipal de protección civil e xestión de emerxencias, e crear os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento.

En todo caso e consonte ao parágrafo 2º dese artigo 27 da Lei de emerxencias de Galicia “A persoa titular da alcaldía é a autoridade municipal superior de protección civil e xestión de emerxencias.”

No convenio analizado e para a Provincia de Lugo, os Concellos non acadan a cifra de 20.000 habitantes, pero teñen obrigas en protección civil e xestión de emerxencias, de aí o carácter supramunicipal dos GES e o deseño desta acción colaborativa.

Terceiro. Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

Cuarto. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa



cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinto. Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexto. O órgano competente para a aprobación do convenio é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Sétimo. Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1. Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e os seus anexos, para a anualidade do 2023, por importe total de 1.567.027,64 € (dos que 640.000 € serán financiados pola Deputación de Lugo).

2. Determinar que a axuda a satisfacer pola Deputación se destine indistintamente a gastos de persoal e gastos correntes, dado que no borrador do convenio remitido non constan os importes que cada concello ten que destinar especificamente a gastos de persoal e a gastos correntes.

3. A documentación a aportar por parte dos concellos sede co obxecto de xustificar a achega recibida pola Deputación concretarase por Resolución de Presidencia, que será notificada aos Concellos Sede.

4.-A distribución do financiamento recollida na cláusula oitava do convenio de referencia queda supeditada ao cumprimento do establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria.”

Por todo o exposto no devandito informe e tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e os seus anexos, para a anualidade do 2023, por importe total de 1.567.027,64 € (dos que 640.000 € serán financiados pola Deputación de Lugo).

2º.- Determinar que a axuda a satisfacer pola Deputación se destine indistintamente a gastos de persoal e gastos correntes, dado que no borrador do convenio remitido non constan os importes que cada concello ten que destinar especificamente a gastos de persoal e a gastos correntes.

3º.- A documentación a aportar por parte dos concellos sede co obxecto de xustificar a achega recibida pola Deputación concretarase por Resolución de Presidencia, que será notificada aos Concellos Sede.

4º.- A distribución do financiamento recollida na cláusula oitava do convenio de referencia queda supeditada ao cumprimento do establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria co obxecto de colaborar no “Descenso urbano Vila de Sarria”. Anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta señor deputado delegado da área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:



“Para os efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria para a execución dos fins común de “Descenso urbano vila de Sarria”. Anualidade 2022. consta no expediente:

1. Solicitud do Concello de Sarria con número de expediente no GTM: 2022/PES_03/021234 que inclúe ademais:

a. Memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación.

b. Declaracións responsables relativas a non existencia de débedas e ás obrigas a asumir polo Concello de Sarria

2. Informe do servizo de Deportes relativo ao referido expediente.

3. Memoria xustificativa do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

4. Borrador de convenio.

Á vista así mesmo, do informe do Servizo de Contratación e Fomento.

E do informe do servizo de Intervención de Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Descenso urbano vila de Sarria”. Anualidade 2022.”, por importe total de 33.825,21€, dos que 10.000,00€ serán a cargo da Deputación de Lugo e 23.825,21€ a cargo do Concello de Sarria.

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 10.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de Sarria, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta de aprobación de addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo co obxecto de colaborar no “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón” (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do quince de outubro de 2021 e addenda de 16 de setembro de 2022).*

Logo de ver a proposta señor deputado delegado da área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 21 de outubro de 2021 se procedeu a sinatura do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 15 de outubro de 2021.

Tendo en conta que con data 28 de setembro de 2022 a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón”, aprobada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 16 de setembro de 2022, relativa as datas de execución e xustificación.

Tendo en conta a cláusula primeira do convenio asinado con data 21 de outubro de 2021 entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón”, no relativo aos compromisos de achegas de ambas as dúas Administracións e do orzamento:



Actuación			Custo
“ACONDICIONAMIENTO E HUMANIZACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO LÚDICO-RECREATIVO ENTRE AS RÚAS PINTOR FIERROS E DANIEL CORTEZÓN”.			410.000,00 €
ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
2021	200.000,00 €	70.000,00 €	270.000,00 €
2022	140.000,00 €	0,00 €	140.000,00 €
TOTAL			410.000,00 €

Tendo en conta a cláusula cuarta. Réxime económico e titularidade dos resultados, do convenio asinado con data 21 de outubro de 2021 entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón”, no relativo aos compromisos de achegas de ambas as dúas Administracións:

1. Achegas.

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 340.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo das anualidades 2021 e 2022, de acordo ao detalle reflectido na cláusula primeira.

B. Do Concello de Ribadeo.

O Concello de Ribadeo financiará as actuacións descritas con 70.000,00 €, así como co importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido, incluído o custe dos proxectos ou memorias técnicas, dirección de obra e dirección de execución e seguridade e saúde das actuacións nas que legalmente proceda.

Á vista de que con data 29/11/2022, numero de expediente 2022/PES_03/022229 e número de rexistro 2022RT016511, o representante legal do Concello de Ribadeo presentou ante o rexistro telemático da Deputación de Lugo solicitude de modificación do convenio asinado para o “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón”, ao abeiro do disposto na cláusula sétima do amentado convenio, no que atinxe á cláusula primeira e cláusula cuarta do referido convenio.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado e na respectiva addenda.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Á vista do informe de Intervención.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a 2ª addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes no “Acondicionamento e humanización de espazo público lúdico-recreativo entre as rúas Pintor Fierros e Daniel Cortezón”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 15 de outubro de 2021, modificado por addenda aprobada en data 16 de setembro de 2022, e anexa ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Proposta de modificación, se procede, do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para a execución das “Obras de humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia, ano 2022 e 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para a execución das “Obras de humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia, ano 2022 e 2023.



En relación ao asunto de referencia (EXP. 2022/PES_03/023736) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emíttese o seguinte informe.

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 10 de xuño de 2022, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na execución das “Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia”, por importe total de 767.720,21 € (no ano 2022: 383.860,10€ e no ano 2023: 383.860,11€) dos que 543.699,46 € que serán financiados pola Deputación de Lugo (no ano 2022: 271.849,73 € e no ano 2023: 271.849,73 €) e 224.020,75 € serán financiados polo Concello de Foz (no ano 2022: 112.010,37 € e no ano 2023: 112.010,38 €).

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 543.699,46 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio dos que 271.849,73 € son financiados con cargo á anualidade 2022, aplicación orzamentaria 9420.76200, e 271.849,73 € financiados con cargo á anualidade 2023.

Terceiro.- Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2023 a cantidade de 271.849,73 € tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para colaborar nos gastos derivados das “Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia”, formalizouse o 21 de xuño de 2022.

Terceiro: O alcalde do Concello de Foz remitiu, o 30 de novembro de 2022 (2022RT016660) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Solicítase prórroga do prazo de execución do Convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución das “Obras de

humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia”, ano 2022 e 2023, prórroga que se solicita ata o mes de xuño de 2023, por imposibilidade de este Concello de levar a cabo a execución das actuacións imputables á anualidade do 2022, nesta anualidade.”

Segundo se desprende da documentación que obra no expediente, preténdese a modificación das seguintes cláusulas:

A cláusula terceira (apartado 3.2.7), sobre as obrigas e compromisos das partes.

A cláusula cuarta (apartado C), sobre a xustificación da achega.

As cales quedarían redactadas no seguinte senso:

Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

3.2. O Concello de Foz:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Foz, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio a achega económica prevista na cláusula cuarta (112.010,37 € para os gastos imputables á anualidade 2022 e 112.010,38 € para os gastos imputables á anualidade do 2023) e o financiamento do importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

1. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

3. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

4. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

5. Recibir as obras, mantelas e dar o servizo á veciñanza.



6. Executar as actuacións imputables á anualidade do 2022 na data límite do 30 de xuño de 2023 e as actuacións imputables á anualidade do 2023 dende o 1 de xullo de 2023 ata a data límite do 30 de setembro de 2024.

7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

8. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo . Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Cláusula cuarta.- Réxime económico.

“(..)

c) Xustificación da achega económica.

O Concello de Foz, achegará, como data límite do 31 de xullo de 2023 a conta xustificativa da anualidade 2022 e como data límite do 31 de outubro de 2024 a conta xustificativa da anualidade do 2023, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Actas de recepción (a aportar coa xustificación da anualidade do 2023).

Declaración responsable emitida polo representante do concello, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente”.

Consideracións xurídico-administrativas:



Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula quinta. Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2022 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade do 2022 na data límite do 31 de decembro de 2023 e a conta xustificativa da anualidade do 2023 na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula sexta. Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda.-. En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, informase favorablemente a modificación solicitada pola representante do Concello de Foz nos termos da modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia,”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación das cláusulas terceira e cuarta do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para colaborar nos gastos derivados das “Obras de Humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia”, formalizado o 21 de xuño de 2022 nos termos da modificación do convenio que se incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común) e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Proposta relativa á addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte, na anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte, na anualidade 2022.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2022/OSB_01/000075) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:



Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

1. “Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional en especie, polo importe máximo de 52.287,91€, a favor da entidade Centro de iniciativas y turismo Club Fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, e consistente na execución e posterior entrega por parte da Deputación Provincial do resultado das actuacións obxecto da actuación. Esta subvención inclúese na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 52.287,91€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención en especie, e que se incorpora ao expediente.”

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizouse o 5 de decembro de 2022.

Terceiro.- O 13 de decembro de 2022 a Unidade de Proxectos desta Deputación Provincial, remitiu a esta Sección de Fomento, un escrito que literalmente di:

“En relación coas actuacións incluídas no Convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte", aprobado en Xunta de Goberno de data 02/12/2022.

Tendo en conta que na cláusula terceira a Deputación asume o compromiso de executar as obras na data límite do 15 de decembro de 2022.

Dado que a execución das actuacións require unhas condicións climatolóxicas adecuadas, non sendo posible realizar o formigonado e pulido, así como o pintado das pistas, se está a chover ou se as temperaturas son moi baixas, non resulta factible a realización das obras no prazo previsto.

Por estes motivos, proponse:

A ampliación dos prazos previstos no Convenio, coa previsión da execución das obras na data límite do 30 de xuño de 2023.”

Polo tanto, tendo en conta a proposta realizada pola Unidade de Proxectos, procederíase a modificación das cláusulas Terceira (Achegas e compromisos das partes), Cuarta (Xustificación) e Décimo terceira (Vixencia do Convenio e modificación), do amentado convenio canalizador da subvención así como á modificación da aplicación orzamentaria que pasará a ser a 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022.

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- Na cláusula Décimo terceira (Vixencia do Convenio e modificación) do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizado o 5 de decembro de 2022, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2022, e manterá a súa vixencia ata o 31 de xaneiro de 2023 (data límite de aboamento das facturas de execución das actuación obxecto do convenio por parte da Deputación Provincial e da aprobación da conta xustificativa)

As facturas deberán estar aprobadas na data límite do 31 de decembro de 2022, e respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.”



Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Conclusiones:

Tendo en conta que o convenio está vixente infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar as cláusulas Terceira (Achegas e compromisos das partes), Cuarta (Xustificación) e Décimo terceira (Vixencia do Convenio e modificación), do canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para a execución das actuacións obxecto do convenio”.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta que consta informe favorable de Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar as cláusulas Terceira (Achegas e compromisos das partes), Cuarta (Xustificación) e Décimo terceira (Vixencia do Convenio e modificación), do canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de iniciativas y turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no

financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, anualidade 2022, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para a execución das actuacións obxecto do convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Informe-proposta do gasto, do Servizo de mantemento, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato, polo importe de 941,42 €.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese á factura que seguidamente se relaciona, que foi conformada polo responsable do Servizo de Mantemento, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Acreedor	Nº Factura	Data Factura	Importe	Obxecto do gasto	Natureza xurídica	Data realización	Concepto orzamentario/ADO provisional
ORVILUX ELECTRICIDAD, SL GTM 2022/FAC01/3728	FN22110022	15/11/22	941,42 €	Adquisición 7 proxectores Led 100w	Subministro	02/11/2022	ADO.92022/10370
			941,42 €				

Total 941,42 euros.

Vista a memoria xustificativa emitida polo Servizo de Mantemento, manifestando que se realizou a prestación correspondente, que se axusta ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.



Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista a resolución da Presidencia de data 07/12/2022 na que se aproba que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 941,42 euros segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e proponendo o pagamento da seguinte factura por un importe total de 941,42 euros.

Total: 941,42 euros”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA RELATIVA AO INCIDENTE CONCURSAL COMÚN 0000205/2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“A Administración Concursal da entidade Floricultura Terra Cha SLU presentou demanda contra a Deputación Provincial de Lugo, interesando que se declarara a resolución do contrato de compromiso de venda da parcela número 23 do Polígono Industrial de Friol, asinado entre esta entidade e a Sociedad urbanística Provincial de Lugo S.A, en data de 1 de abril de 2008, por desistimento da concursada, solicitando o ingreso do importe de cinco mil catrocentos cincuenta e cinco euros con dezasete céntimos (5.455,17€), correspondendo tres mil seiscientos oitenta e cinco euros con noventa e tres céntimos (3.685,93€) á garantía pola reserva da parcela e mil setecientos

sesenta e nove euros con vinte e catro céntimos (1.769, 24€), pagados en concepto de IVE, máis os intereses devengados.

Mediante a Sentenza 00313/2022, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 2 de Lugo, no incidente concursal común 0000205/2021, en data de 16 de setembro de 2022, estímase a demanda presentada pola Administración Concursal da entidade Floricultura Terra Cha fronte á Deputación Provincial de Lugo, declarando a resolución do contrato de compromiso de venda, asinado en data de 1 de abril de 2008, entre a concursada e a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, condenando á Deputación de Lugo a pagar a cantidade de cinco mil catrocentos cincuenta e cinco euros con dezasete céntimos (5.455,17€), mais os intereses legais desde a interpelación xudicial, incrementados en dous puntos desde a presente resolución, con imposición de costas á demandada.

Contra a citada resolución cabe a interposición de recurso de apelación ante a Audiencia Provincial de Lugo.

En data de 14 de outubro de 2022 solicítase informe á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial sobre a viabilidade da interposición do recurso de apelación contra a referida resolución.

En data de 18 de outubro de 2022 a Asesoría Xurídica emite informe, con CSV IV7AYQC2CEH3L24NUYAFOYAUE4 que conclúe que:

“...non resulta viable a interposición dun recurso de apelación”

Polo exposto, e de acordo co informe emitido pola Asesoría Xurídica, en data de 18 de outubro de 2022, con CSV IV7AYQC2CEH3L24NUYAFOYAUE4 propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Non interpoñer recurso de apelación contra a Sentenza 00313/2022, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 2 de Lugo, no incidente concursal común 0000205/2021.



2º.- O cumprimento, pola Deputación Provincial, da Sentenza 00313/2022, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 2 de Lugo, no incidente concursal común 0000205/2021, nos termos recollidos na mesma, efectuando os pagos que correspondan.

3º.- Aprobar o gasto e propoñer o pagamento a favor de Floricultura Terra Cha SL do importe de cinco mil cincocentos setenta euros con vinte e seis céntimos (5.570,26 €), correspondendo tres mil seiscentos oitenta e cinco euros con noventa e tres céntimos (3.685,93 €) á devolución do ingresos da garantía incautada pola reserva da parcela, os xuros correspondentes a este importe que ascenden a setenta e sete euros con setenta e seis céntimos (77,76€) e en concepto de gasto por concepto de IVE o importe de mil setecentos sesenta e nove euros con vinte e catro céntimos (1.769,24€) e os xuros de demora xerados por este importe que ascenden a trinta e sete euros con trinta e tres céntimos (37,33€).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/041, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/041, correspondente á CMVMC de Sabadelle-Seixón (Portomarín), destinada as obras de “Mellora de Accesos ao MVMC”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.697,26 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Manuela Alicia Canto Rodríguez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da CMVMC de Sabadelle-Seixón (Portomarín), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/041, destinada ás obras de “Mellora de accesos ao MVMC” por un importe de 5.697,26 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/066, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/066, correspondente á Asociación Veciñal de Piñeiró (O Saviñao), destinada as obras de “Obras



rehabilitación en edificio social recreativo”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.698,76 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Amando García Vázquez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Veciñal de Piñeiró (O Saviñao), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/066, destinada ás obras de “Obras rehabilitación en edificio social recreativo” por un importe de 5.698,76 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/074, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/074, correspondente ao MVMC San Esteban de Parga (Guitiriz), destinada as obras de “Mellora e adecuación do firme de camiño”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- José Manuel López Rodríguez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de un 96,74% da subvención concedida) emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC San Esteban de Parga, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/074, destinada ás obras de “Mellora e adecuación do firme de camiño” por un importe de 5.804,50 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/075,



OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/075, correspondente á AA.VV. de San Salvador de Neiras (Sober), destinada as obras de “Acondicionamento de local social”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- José Luis Fernández González, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. de San Salvador de Neiras (Sober), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/075, destinada ás obras de “Acondicionamento de local social” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/087, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/087, correspondente ao MVMC de Penedo (Navia de Suarna), destinada as obras de “Arranxo camiño de acceso”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Manuel Asenjo Digón, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Penedo (Navia de Suarna), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/087, destinada ás obras de “Arranxo camiño de acceso” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/127, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/127, correspondente á CMVMC Peiceira, Castro, Recón e Bidueiros (O Saviñao), destinada as obras de “Arranxo camiño rural”, concedéndolle unha subvención por importe de 4.709,62 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Luis Rodríguez Rodríguez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da CMVMC Peiceira, Castro, Recón

e Bidueiros (O Saviñao), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/127, destinada ás obras de “Arranxo camiño rural” por un importe de 4.709,62 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/128, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/128, correspondente ao MVMC de Meda (Castroverde), destinada as obras de “Recuperación de depósitos de auga”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- José Vilar Pardo, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:



Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Meda (Castroverde), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/128, destinada ás obras de “Recuperación de depósitos de auga” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/133, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/133, correspondente á Agrupación de Veciños de Santalla (Cervantes), destinada as obras de “Rehabilitación do local social”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Eduardo Pérez Gutiérrez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Agrupación de Veciños de Santalla (Cervantes), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/133, destinada ás obras de “Rehabilitación do local social” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/136, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/136, correspondente á Agrupación de Veciños de Degrada (Cervantes), destinada as obras de “Rehabilitación de Fonte”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Filomena Santín Rodríguez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de un 99,75% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento



dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Agrupación de Veciños de Degrada (Cervantes), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/136, destinada ás obras de “Rehabilitación de Fonte” por un importe de 5.985,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DO PROGRAMA “LUGOTERMAL” E A SÚA PUBLICACIÓN NO BOP DE LUGO.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Pablo Rivera Capón en calidade de Delegado da Área de Promoción Económica e Social, e por ende, responsable do servizo de Benestar Social e Igualdade, expoño que visto o informe da xefa de servizo de Benestar social e Igualdade co CSV IV7BU3CYBYW5QVN664EVOMIS6A relativo á corrección de erromaterial na aprobación das bases de selección das persoas usuarias do programa “Lugothermal” e a súapublicación no BOP de Lugo.

O erro de transcripción reflíctese na modalidade sen estancia, sinalando 200,00 € con IVE, cando enrealidade é 250,00 € tal e como consta no programa e expediente de contratación.

Considerando que de acordo co previsto no artigo 109.2 da lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar

en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, propónse por parte deste Deputado da Área de Promoción Económica e Social á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordar, se procede:

1º.- Aprobar a corrección de erros das bases de selección das persoas usuarias do programa “LugoTermal”.

2º.- Publicar a dita corrección das bases de selección das persoas usuarias do programa “LugoTermal” no BOP de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA XUNT@S, PROGRAMA DE IMPULSO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ E ASOCIACIONISMO NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“A pandemia provocada pola Covid produciu unha crise multifacética que se sentiu a nivel social, económico e loxicamente político. As medidas impostas polas autoridades que procuraban o benestar deron lugar a graves efectos negativos nas redes comunitarias, froito do distanciamento social necesario como medio mas eficaz para frear a expansión da pandemia e garantir a seguridade sanitaria imprescindible para salvagardar as vidas dos cidadáns.

As limitacións á participación presencial que supuxeron as medidas de distanciamento social, xunto coa necesidade de concentrar tódolos recursos, tanto humanos como materiais, na atención das situación de emerxencia fixeron que, no ámbito institucional, se producise unha fonda



parálise nas políticas de participación cidadá, aínda que no ámbito puramente cidadá a situación foi claramente oposta.

Durante a pandemia creouse un forte sentimento comunitario que desembocou nunha maior implicación e participación directa a través de iniciativas de carácter solidario activadas para dar resposta ás situacións de emerxencia vividas en pobos e cidades, materializándose na distribución de alimentos, na produción de máscaras nos momentos de maior necesidade ou na creación de redes de apoio mutuo entre veciños e veciñas, iniciativas que evidenciaron que valores como a reciprocidade, o apoio mutuo ou a solidariedade son motores de participación cidadá e organización social.

Estas estruturas acompañaron aos gobernos locais nos momentos máis complicados da primeira fase da pandemia, dando respostas rápidas a situacións de auténtica emerxencia social, abrindo unha nova rede de participación mais áxil e forte, permitindo unha interacción directa e a tempo real de experiencias en diferentes puntos do planeta, xerando sinerxías nunca antes vistas.

Neste sentido, a crise sanitaria permitiu acelerar procesos de alfabetización dixital, estendendo o uso das redes como forma cotiá de relacionarse con outros e de participar na comunidade virtual. Este proceso de extensión do uso das tecnoloxías dixitais con fins de participación social foi importantísimo pero tamén levou a desconexión física e persoal entre a cidadanía.

Neste contexto, dende todos os niveis administrativos estanse a confeccionar estratexias políticas para afrontar unha infinidade de retos, tales coma a era post- COVID, o conflito en Urania, as novas necesidades climáticas e enerxéticas, dificultades económicas pola escaseza de materias primas, récord histórico na subida do IPC

Todos estas decisións producen efectos económicos e sociais que impactan de pleno na cidadanía, e polo tanto non esta allea a este proceso, e estas deben contribuír a garantir estratexias de recuperación inclusivas, que non deixen a ningún atrás, sexan sólidas, sostibles e viables.

Definir unha estratexia de recuperación pode ser unha oportunidade de mellora para sectores sociais golpeados pola crise sanitaria e os seus efectos, sendo esta unha política de emerxencia necesaria fronte os problemas afrontados pola cidadanía nos últimos tempos, así xorde o Programa “Xunt@S, Programa de impulso da participación cidadá e asociacionismo na provincia de Lugo”, como resposta a un problema social emerxente e grave nestes tempos convulsos, que promove a atención e participación dos cidadáns na vida social para recuperar o movemento social que é tan necesario recuperar.

Esta iniciativa de carácter itinerante xurde tralo parón rexistrado na actividade social das vila e tralos datos de empeoramento do benestar psicolóxico da poboación en tódolos marxes de idade, que se reflexan no aumento dos síntomas depresivos , de ansiedade así coma de estrés postraumático tales coma o insomnio, a soidade, ou mala saúde percibida ou a incertidume ante o futuro..., fan necesario promover actuacións grupais en vilas e concellos que sirvan como reforzo as medidas individuais que cada un debe poñer en marcha para afrontar esta situación.

Toca construír comunidade neste tempos convulsos, incorporando a cidadanía na dinamización social en actividades de interese para cada un de eles, xa que afectarán non só a como vivimos senón a coma viviremos nos próximos anos.

“Xunt@s, Programa de impulso da participación cidadá e asociacionismo na provincia de Lugo” e unha liña de fomento da participación dos cidadáns na vida pública e social para minimizar os problemas descritos a través da participación en talleres distribuídos entre asociacións representativas, institutos , colexios, centros cívicos... de varios concellos que sirvan de exemplo de promoción de actividades de atención os cidadáns, podendo concretarse en materias de relevancia para calquera, tales coma:

Talleres tecnolóxicos.

Ciclos de conferencias.

Charlas para impartir de forma activa, nutrición...

Xornadas de promoción da actividade física.



Este programa executarase dende a súa aprobación e extenderase durante o primeiro semestre do ano 2023, con el preténdese chegar a 25 asociacións que dentro das súas actividades prioricen a participación dos cidadáns na vida pública como garantía de calidade de vida e poderanse desenvolver en instalacións propias, centros cívicos e culturais, institutos ou de natureza similar.

O programa “Xunt@S, Programa de impulso da participación cidadá e asociacionismo na provincia de Lugo”, respecta as competencias establecidas no artigo 36 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, sendo esta unha competencia propia. Así mesmo indicar que segundo o establecido no artigo 36.1 LBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas, nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

O programa divídese en varias liñas de actuación para fomentala participación cidadá fomentada desde distintos ámbitos de interese para o conxunto da sociedade, tales como as seguintes que se relacionan a continuación:

1. Participación en Xornadas de Saúde (dietas saudables, coñecer os alimentos).
2. Participación en Xornadas de Envellecer de Forma activa, promover o auto coidado.
3. Promoción do deporte.
4. Promoción das novas tecnoloxías.
5. Promoción da medicina (secuelas, como coidarse tralo Covid 19, novas pandemias).

Como medida de reforzo, está previsto facer chegar guías básicas escritas en materias de saúde, e benestar que sexan de interese para os participantes, e que sirvan de soporte os coñecementos adquiridos na xornada, e así poder ter un manual simple de consulta.

O orzamento total e de 91.000€, nas seguintes tipoloxías de gasto, sendo asumido o custe da actividade con fondos propios da entidade, coa distribución orzamentaria do seguinte xeito:

CONCEPTO	IMPORTE	ANUALIDADE 2022	ANULIDADE 2023
Merchandaising	18.000€	18.000€	
Material divulgativo	8.000€	8.000€	
Xornadas temáticas	65.000€		65.000€
TOTAL	91.000€	26.000€	65.000€

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, Proponse á Xunta de Goberno que se adopten o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o programa” o programa “Xunt@S, Programa de impulso da participación cidadá e asociacionismo na provincia de Lugo”.

2º.- Aprobar o orzamento total das actuacións do proxecto por un importe de 91.000€, distribuídas segundo cadro adxunto.

3º.- Para o gasto da anualidade 2023 figura crédito dispoñible no orzamento de 2023, da Deputación Provincial de Lugo, inicialmente aprobado o 29.11.2022.

CONCEPTO	IMPORTE	ANUALIDADE 2022	ANULIDADE 2023
Merchandaising	18.000€	18.000€	
Material divulgativo	8.000€	8.000€	
Xornadas temáticas	65.000€		65.000€
TOTAL	91.000€	26.000€	65.000€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DO PROXECTO Y PARA VIVIR LUGO.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:



“Con data 4.12.2021 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, publica no BOE a Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento.

Á, súa vez, con data 4.05.2022, publican no BOE o Extracto da Orde do 25 de marzo de 2022, pola que se convocan Subvencións para o financiamento de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento durante o exercicio 2022.

De acordo coa Orde reguladora estas subvencións están destinadas ao financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial, que desde unha dimensión económica, social, ambiental e de xénero propicien a reactivación social e económica de zonas con problemas de despoboamento e revaloricen o espazo rural.

Ás axudas destinaranse a financiar proxectos innovadores de carácter singular e demostrativo, que teñan como finalidade a loita contra o despoboamento, o desenvolvemento sustentable e a transición ecolóxica.

Contemplan tres modalidades, axustándose a modalidade A á proxectos institucionais promovidos por entidades locais, que teñan como finalidade fomentar a creación e o desenvolvemento de ecosistemas de intelixencia e innovación territorial ou o apoio a proxectos tractores que reactiven a actividade socioeconómica coa finalidade de afrontar o reto demográfico e a loita contra o despoboamento.

Os proxectos poderán desenvolverse nun ou varios municipios, sendo elixibles tanto os municipios cunha poboación igual ou inferior aos 5.000 habitantes, como aqueles municipios de mais de 5.000 habitantes, a condición de que as actuacións desenvólvanse en entidades locais menores cunha poboación inferior aos 5.000 habitantes.

Os proxectos poderán presentarse tanto para un municipio como para un conxunto de municipios, a condición de que sexan elixibles de acordo cos criterios anteriormente expostos.

No artigo 4 do extracto da convocatoria establece un importe máximo total da convocatoria de 10.315.000,00 euros. Aplicando o 5% o importe máximo que permiten solicitar e de 515.750,00 euros. Nembargantes, no catálogo de preguntas frecuentes do Ministerio establece para a modalidade Á un importe mínimo de 25.000€ e un máximo de 500.000€.

E as axudas concedidas non poderán superar o 90% do total do gasto subvencionable. O beneficiario cofinanciara a porcentaxe restante.

Segundo consulta realizada a través de correo electrónico ante o MITECO estas axudas non están cofinanciadas por fondos europeos.

O artigo 5 relaciona os gastos subvencionables, a modo resumo: gastos de persoal (limitados ao importe das retribucións fixadas para os correspondentes grupos profesionais no convenio colectivo único vixente para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado), gastos de viaxe e manutención, gastos en actividades e gastos de revisión da conta xustificativa.

Na partida gastos de persoal poderanse incluír os gastos derivados do pago das retribucións ao persoal vinculado ao programa, así como os importes abonados ao persoal alleo ao beneficiario con contrato de arrendamento de servizos ou que realice unha colaboración esporádica. Ás retribucións abonadas ao persoal adscrito ao cumprimento do programa subvencionado unicamente poderán ser obxecto de subvención ate o importe das retribucións fixadas para os correspondentes grupos profesionais no Convenio Colectivo Único vixente para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, ata o importe efectivamente abonado, de ser inferior ao anterior. Con igual límite poderanse sufragar as bolsas asociadas ao proxecto, sendo imputables as horas de dedicación exclusiva ao mesmo. Serán subvencionables os gastos de liquidación e indemnización do persoal contratado especificamente para cada proxecto e polo período de duración do mesmo.

No que respecta ao prazo de execución aclara que e ate o 31 de decembro de 2024, aínda que so serán financiáveis os gastos contraídos desde o 1 de xaneiro de 2022 ate o 30 de xuño de 2024. E dicir, os beneficiarios dispoñen dun prazo adicional se fose necesario para a execución do Proxecto de xullo a decembro-, pero non se poderán contraer gastos subvencionables.



O prazo de presentación de solicitudes e de 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto no BOE, e dicir, a contar desde o 5 de maio de 2022.

Xunto coa solicitude, debera aportarse unha memoria descritiva das actuacións a acometer segundo modelo fixado na convocatoria.

Con data 10.06.2022 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial acorda:

“1º.- Tramitar electronicamente, ante o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a solicitude de subvencións para o financiamento de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento durante o exercicio 2022. Facúltase para a realizar este trámite tanto á Sección de Innovación e Participación Cidadá como á Sección de Promoción Económica e Emprego co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria de axudas.

2º.- Aprobar o orzamento total das actuacións do proxecto, por un importe total de 555.555,00 euros.

3º.- Aprobar, así mesmo, a disposición de financiamento deste Organismo Provincial e, en consecuencia ao orzamento ao que se fai mención no punto anterior, para custear a parte non subvencionada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

APORTACIÓN MINISTERIO (90%)	APORTACIÓN DEPUTACIÓN DE LUGO (10%)	ORZAMENTO TOTAL DAS ACTUACIONES
500.000,00	55.555,00	555.555,00

No caso de resultar beneficiaria da axuda, a Deputación de Lugo asume o compromiso de cofinanciar con fondos propios a parte non subvencionada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico que será o 10% do custo do orzamento subvencionable e como máximo ascenderá a 55.555,00 euros a executar en tres anualidades segundo o seguinte reparto:

ANUALIDADE	IMPORTE
2022	2.924,00 €
2023	35.086,00 €
2024	17.545,00 €
TOTAL	55.555,00 €

Este reparto está condicionado pola data da Resolución favorable da axuda.

A consignación orzamentaria para a anualidade 2022 realizarase no momento de aceptación da resolución favorable da axuda que se conceda, e para a anualidade 2023 e 2024, deberá adoptarse o compromiso de incluír, nos orzamentos xerais desas anualidades, os importes correspondentes nas aplicacións orzamentarias segundo a natureza das actividades a realizar, quedando supeditados á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no suposto de concesión do proxecto.

No caso de que esta Deputación resulte beneficiaria da devandita axuda a execución do proxecto se realizará a través da Sección de Promoción Económica e Emprego coa asistencia da Sección de Innovación e Participación Cidadá.”

Tendo en conta que 15.06.2022 a Deputación presenta na sede electrónica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a solicitude de subvencións para o financiamento de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento durante o exercicio 2022.

Tendo en conta que 16.11.2022 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico notifica a proposta de resolución provisional da convocatoria para a concesión de subvencións para a financiación de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación económica e loita contra a despoboamento, durante o exercicio 2022. Na cal se propón conceder a Deputación Provincial de Lugo, para a execución do proxecto “Y para vivir, Lugo” unha subvención por importe de 240.293€.

ENTIDAD. SOLICITANTE	DENOMINACIÓN DO PROXECTO	TOTAL GASTO SUBVEN.	TOTAL CANTIDADE PORPOSTA	CANTIDADE PROPOSTA (G. CORRENTE)	CANTIDADE PROPOSTA (G. CAPITAL)
Deputación Provincial de Lugo	Y para vivir, Lugo.	500.000	240.293	207.758	32.535

Tendo en conta que 13.12.2022 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico comunica a resolución da convocatoria para a concesión de subvencións para a



financiación de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación económica e loita contra a despoboamento, durante o exercicio 2022, concedendo a Deputación de Lugo unha subvención por importe total de 240.293€ (Gasto corrente: 207.758€ e Gasto Capital: 32.535 €) para o proxecto “Y para vivir, Lugo”.

Tendo en conta que o Ministerio envía, o 13.12.2022, notificación concedendo un prazo máximo de cinco día hábiles dende a data de recepción da resolución para formalizar a aceptación da concesión indicando que a falta de aceptación expresa por parte do beneficiario, suporá a renuncia. Ademais, deberá presentar documento de reformulación do proxecto acorde a subvención concedida.

Esta Deputación ten a súa propia folla de ruta para os próximos anos, tendo en conta as particularidades da provincia de Lugo e o papel de liderado e cooperación cos municipios que esta Deputación quere seguir desempeñando márcanse diversos retos entre os que podemos destacar: Recuperación do tecido empresarial provincial afectado pola crise e impulso de novos modelos produtivos, preservar o equilibrio territorial, favorecer a actividade económica, fixar poboación, favorecer a substitución xeracional, e impulsar un territorio rural intelixente.

Á provincia de Lugo e unha fonte de riqueza natural, patrimonial, paisaxística e cultural de primeira orde, que nas ultimas décadas viuse na obrigación de facer fronte a dispersión e ao envellecemento da poboación como consecuencia dunha configuración territorial na que a maior parte dos nosos municipios teñen menos de 5.000 habitantes.

O acceso as subvencións convocadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico permite a Deputación de Lugo, levar a cabo o proxecto “Y para vivir, Lugo” ca posta en marcha de tres oficinas provinciais contra o despoboamento xestionadas por tres (3) traballadores - un por oficina -, cunha sede virtual e con sede física en tres concellos da provincia especialmente afectados polo envellecemento poboacional O Valadouro, Xermade e A Fonsagrada. Estas oficinas prestarán de balde asesoramento e soporte a proxectos tractores que reactiven a actividade socioeconómica e fomenten a creación e desenvolvemento de ecosistemas de intelixencia e innovación territorial.

En cooperación cos respectivos concellos as oficinas serviran de punto de apoio local para a atracción de novos poboadores, serviran de acollida e integración da poboación inmigrante e realizarán actuacións dirixidas a integración en ecosistemas innovadores e ao desenvolvemento económico endóxico.

Debido a que o importe da subvención concedido é inferior o solicitado cómpre facer unha reformulación do proxecto, polo que o orzamento total das actuacións previstas no proxecto ascende a 271.672,94 € dos cales a Deputación asume con fondos propios 31.379,94 €, segundo o seguinte reparto por anualidades e conceptos:

CONCEPTO	2023	2024	TOTAL
RRHH (3 Técnicos A2 Jor.Completa - 16 Meses)	90.796,05 €	55.840,89 €	146.636,94 €
Bolsa de ayuda para Promover el alquiler	30.001,00 €	- €	30.001,00 €
Bolsa de ayuda para familia de acogida	6.000,00 €	- €	6.000,00 €
Inversión	32.535,00 €	- €	32.535,00 €
Integración sector económico	26.000,00 €	14.000,00 €	40.000,00 €
Programa de becas	- €	4.000,00 €	4.000,00 €
Organización I feria de productos locales	- €	5.000,00 €	5.000,00 €
Plan de marketing y publicidad	3.400,00 €	1.600,00 €	5.000,00 €
Auditoria	- €	2.500,00 €	2.500,00 €
TOTAL	188.732,05 €	82.940,89 €	271.672,94 €

Quedando a financiación do orzamento segundo os datos do seguinte cadro:

	Total	G.Corriente	G.Capital
Subvención	240.293,00 €	207.758,00 €	32.535,00 €
Fondos Propios	31.379,94 €	31.379,94 €	- €
Total	271.672,94 €	239.137,94 €	32.535,00 €

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, Propónse á Xunta de Goberno que se adopten o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a aceptación da concesión da subvención para o financiamento de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación socioeconómica e loita contra o despoboamento, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, por importe de 240.293€ (Gasto corrente: 207.758€ e Gasto capital: 32.535 €) para a execución do proxecto denominado “Y para vivir, Lugo”.



2º.- Aprobar a reformulación do proxecto debido a que o importe da subvención concedida (240.293, 00€) é inferior ao solicitado (500.000,00 €). Sendo o orzamento total das actuacións previstas 271.672,94 € dos cales a Deputación asume con fondos propios 31.379,94 € a executar en dúas anualidades, segundo o seguinte reparto:

	Total	2023	2024
Subvención	240.293,00 €	166.932,31 €	73.360,69 €
Fondos Propios	31.379,94 €	21.799,74 €	9.580,20 €
Total	271.672,94 €	188.732,05 €	82.940,89 €

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2023 e 2024. Para a anualidade 2023 existe crédito dispoñible no orzamento inicialmente aprobado no Pleno o día 29 de novembro de 2022; e adoptando o compromiso de dotar no Orzamento Xeral do exercicio 2024 o importe 9.580,20 € supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2024 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANO 2022.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de setembro de 2022, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 056, do 10 de marzo de 2022, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2022; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como os informes do Servizo de

Cultura, e a proposta da Sra. Vicepresidenta, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
GRUPO ETNOGRÁFICO TRANXANDAINA	949,00 €

22.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL Á ASOCIACIÓN DE GANDEIROS A FONSGRADA.

Logo de ver a proposta da señora deputada da área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación, se procede, da excepcionalidade e outorgamento de subvención directa de carácter excepcional á entidade Asociación de gandeiros A Fonsagrada, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade denominada “Captación, formación e coordinación de novos produtores”, no ano 2022.

Don Marcos López López, con DNI nº: ***5032**, en nome e representación da Asociación de gandeiros A Fonsagrada, con NIF: G27368455, presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, o 19 de outubro de 2022, escrito mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000 €, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Captación, formación e coordinación de novos produtores”, durante a anualidade 2022.

Detectados erros na dita solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade requiriuse á solicitante para a súa emenda, o que aconteceu a través da presentación de documentación complementaria os días 28 de outubro, e 3 e o de novembro.



En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe do seguinte teor:

“(…).

Consideracións legais e técnicas.

I. Normativa aplicable.

Ás subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse por:

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS).

O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (en adiante, RLXS).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (en adiante, LSG).

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021- (en adiante, OXS).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante, TRLRFL).

As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (en adiante, RODPL).

As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

II. Plan estratéxico de subvencións.

En cumprimento do establecido no artigo 8 da LXS e na Base 24ª.2 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o ano 2022, o obxectivo que persegue a execución da actuación obxecto da subvención solicitada atópase recollido no Plan Estratéxico de Subvencións

da Deputación Provincial de Lugo 2020-2022 (PES 2020-2022), aprobado por Decreto da Presidencia do 2 de abril de 2020.

III. Subvención directa de carácter excepcional.

A concesión da subvención que aquí se informa refírese a unha subvención directa de carácter excepcional, que se adecúa ao establecido nos artigos: 22.2.c) e 28.1 da LXS; 67.1 do RLXS; 19.4.c) e 26.1 da LSG; e 15 da OXS.

Consonte ao artigo 29.4 da OXS, relativo a este tipo de subvencións, “iniciado o procedemento, deberá emitirse informe suscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.”

Obxecto da subvención.

Constitúe o obxecto da subvención a consolidación da plataforma de venta en liña Son de Lugo, a través da captación de novos produtores, que derivará na obtención dunha pequena economía de escala. A dita consolidación require, así mesmo, da formación e coordinación dos produtores de novo ingreso, que se conseguirá mediante o asesoramento e acompañamento continuo por parte de profesionais con experiencia na comercialización de produtos alimentarios en liña.

Carácter excepcional e singular da subvención, e razóns de interese público, social e económico que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

Concorren na concesión da subvención que aquí se informa evidentes razóns de interese público, económico e social que xustifican a concesión directa da axuda.



A subvención supón unha medida de apoio na busca de solucións á perda de competitividade que o sector primario da provincia de Lugo está a sufrir como consecuencia da expansión de Internet e o crecemento desmesurado das vendas online.

Polo tanto, esta subvención ten como obxectivo o de prestar apoio a un proxecto (a plataforma de venta en liña Son de Lugo) que se considera de vital importancia e necesidade para mellorar a competitividade do sector primario da provincia, o que obriga á adopción de medidas extraordinarias que garantan a permanencia do devandito sector.

Son de Lugo nace da unión de varios produtores e produtoras do sector agroalimentario da provincia de Lugo, que inician unha cooperación en rede para poder vender e distribuír, de forma conxunta, o froito do seu traballo por todo o territorio nacional.

Creouse así unha páxina web na que os potenciais clientes poden acceder a un gran número de produtos de calidade, producidos na nosa provincia.

Hoxe, son máis de 25 marcas produtoras as que venden a través desta páxina web, chegando cada vez a máis clientes e cun catálogo de produtos que non para de crecer.

Ademais, este ano comezan a elaborarse pratos de 5ª gama cos produtos que xa están integrados na plataforma. Esta forma de comercializar os produtos é novidosa e axuda a incrementar o valor engadido dos produtos e os ingresos dos produtores.

Son de Lugo é, polo tanto, a única páxina web que agrupa a moitos dos produtores máis destacados da Provincia e que garante un prezo xusto para os mesmos. A súa vocación é aproveitar a rede xa creada para, así, poder conseguir un rural lucense vivo e con futuro.

Con todo, se ben é certo que a globalización de Internet facilitou o proceso de información e de compra para os clientes, tamén o é que incrementou o número de competidores para as empresas en xeral e para os produtores do sector primario lucense en particular.

Neste senso, non podemos deixar de ter en conta que este contexto electrónico é caldo de cultivo para a proliferación de grandes multinacionais que acaparan, de forma oligopólica, grandes porcentaxes do mercado: é o caso de plataformas como Amazon, que xa dende hai tempo vende online produtos de alimentación nunhas condicións moi prexudiciais para os produtores.

As consecuencias máis directas sobre o sector primario provincial son:

1. O empeoramento das condicións de competencia dos pequenos produtores (desaparición de provedores tradicionais e falta de competitividade en prezos) fronte ás grandes empresas multinacionais que se integraron nos procesos de produción e venda electrónica.

2. Derivada da anterior, baixada continua do número de vendas, que leva aparelado un descenso dos ingresos e unha maior dificultade ou imposibilidade de manter os postos de traballo.

3. En último termo, e o máis importante, é que este fenómeno está a provocar que o tecido empresarial da provincia de Lugo segue perdendo a pequenos produtores, tanto de longa tradición como de recente inicio na actividade, pois non hai máis que atender ao tempo que estes últimos tardan en botar o peche, con unha duración efémera na maioría dos casos.

Nesta situación límite é necesario un impulso excepcional, unha adaptación tecnolóxica rápida que permita aos pequenos produtores da Provincia deixar de lado o aspecto negativo da globalización recentemente exposto e afrontar o positivo: A oportunidade de negocio que este contexto de comercio online proporciona, pois permite chegar a consumidores de tódalas partes do mundo, o cal é compatible co mantemento simultáneo do comercio tradicional no que poderíamos chamar comercio multicanle.

E falo dun impulso excepcional e necesario polas seguintes razóns:

1. A introdución de novos produtores lucenses na plataforma de venta en liña Son de Lugo reducirá as vantaxes competitivas das economías de escala, pois converterá a aquela niso: unha pequena economía de escala, facendo máis doado para as pequenas explotacións da provincia competir sobre unha base mundial.

2. As pequenas explotacións lucenses que ofrecen produtos especializados serán capaces de encontrar a masa crítica de clientes necesaria para ter éxito a través de Internet.



3. Unha conexión a Internet pode mellorar substancialmente as comunicacións con clientes, provedores e socios estranxeiros, tanto actuais como potenciais; pode xerar unha abundante información sobre tendencias e desenvolvementos do mercado no mundo; proporciona unha “fiestra ao mundo” sobre as últimas tecnoloxías e I+D; e pode ser unha ferramenta moi poderosa de promoción e de vendas internacionais.

4. Hai que permitir aos produtores de todo tipo e tamaño competir en igualdade de condicións con outras fórmulas de venda online, dando visibilidade aos seus produtos en tódolos mercados/canles posibles, minimizando os custos asociados á súa xestión.

Mais hai que ter en conta que esa adaptación presenta numerosas dificultades, entre outras:

1. A adopción dunha estratexia multicanle como a antedita, levada a cabo de xeito individual, require contar coas ferramentas tecnolóxicas adecuadas e require dunha elevada capacidade económica, xa que deriva nun elevado custo loxístico, económico e persoal que non pode ser asumido polos pequenos produtores da provincia de Lugo.

2. Esta estratexia multicanle require, ademais, dunha formación complementaria en novas tecnoloxías, o que supón un custo engadido aos xa expostos no punto anterior.

3. Pero, a dificultade máis importante deriva dos trazos diferenciais dos mercados nados de Internet: Neles, o nivel de competencia ven determinado pola existencia de efectos directos e indirectos de rede:

Os primeiros prodúcense cando a utilidade obtida polos usuarios dun determinado servizo aumenta ao facelo o volume de aqueles: Se unha gran base de consumidores utiliza unha rede social, por exemplo Facebook ou LinkedIn, isto atrae a outros a sumarse a ela, porque a posibilidade de encontrar contactos valiosos aumenta.

Os efectos indirectos xéranse se a cantidade de consumidores dun ben ou dun servizo en un mercado X, atrae ós que operan noutro. E isto ocorre porque a existencia de un bo número de produtores e a variedade dos produtos ofrecidos, caso paradigmático de Amazon, fai esa plataforma máis atractiva para máis potenciais oferentes.

A combinación de eses dous fenómenos fai que sexan necesarias extensas plataformas para que a súa utilización sexa eficiente. A razón é clara: nin os potenciais vendedores nin os compradores se unirán a aquelas se non teñen a suficiente dimensión. Elo da lugar á xeración de

economías de escala e, en consecuencia, á configuración de compañías case monopólicas con un peso relevante nos mercados dentro dos que operan.

Iso é o que pretende a entidade solicitante da subvención coa posta en marcha do proxecto para cuxa financiación solicita a axuda da Deputación: crear unha pequena economía de escala que permita á plataforma Son de Lugo a súa consolidación, a través da captación, formación e coordinación do novos produtores; o que derivará nun aumento da competitividade dos traballadores do sector primario que se integren en aquela.

Por todo elo, visto o obxectivo da subvención obxecto deste informe, estimo que concorren singulares circunstancias e razóns de interese público, social e económico que dificultan a súa convocatoria pública e xustifican o seu outorgamento en réxime de concesión directa.

E é que, quen mellor para procurar a consolidación da plataforma Son de Lugo que o seu propietario (a entidade solicitante)?

Por outra banda, coa concesión da subvención contribúese, polo tanto, á consolidación da plataforma Son de Lugo, o que redundará nun incremento das explotacións que ofrecen os seus produtos nela e, asemade, na mellora da competitividade de todas elas; do que se deduce que a intervención pública é de especial importancia no desenvolvemento do proxecto.

Así mesmo, mediante esta subvención continúaase a actividade da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade de cara á acadar o seu obxectivo de cooperar na creación e consolidación dunha plataforma de promoción e apoio aos pequenos agricultores e gandeiros locais, para que poidan os seus produtos agroalimentarios, de excelente calidade diferenciada e contrastada, directamente ao consumidor final con todas as garantías sanitarias, como punto de partida para xerar un valor engadido que asegure unha renda xusta e digna polo seu traballo.

Ademais, a necesidade dun procedemento áxil, para dar resposta ás necesidades dos pequenos produtores da Provincia, dificulta que a subvención se tramite por convocatoria pública.



Asemade, debe resaltarse que os obxectivos pretendidos coa concesión desta subvención vanse alcanzar de maneira máis eficiente se quen se vai encargar da captación, formación e coordinación dos novos produtores é a entidade propietaria da plataforma na que estes se van integrar.

A necesidade de optar por este mecanismo fundaméntase, ademais, en que se garante un sistema sinxelo e áxil para a obtención da axuda, que permite á entidade solicitante adecuar as súas actuacións para levar a cabo o comportamento pretendido.

Por todo o exposto, estimo que concorren claras razóns de interese público, económico e social que xustifican a concesión directa da axuda.

IV. Condición de beneficiario.

Ao meu xuízo e á vista da documentación e datos que obran neste expediente, a entidade solicitante reúne tódolos requisitos para optar á subvención. Así mesmo, consta no expediente xustificación ou declaración responsable de aquela de non concorrer nela ningunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, que dan lugar á prohibición de obter a condición de beneficiaria da subvención.

V. Publicidade da subvención.

Segundo a normativa vixente e, en concreto, consonte ao artigo 30 do RLXS, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención, e con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

Con todo, ao abeiro do artigo 14 da LSG, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, deberase informar ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>, e da posibilidade de que poida facer valer os extremos previstos no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos: “Información que deberá facilitarse cando os datos persoais se obteñan do interesado”.

Ao meu xuízo, esta subvención deberase reflectir no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	01.4	Produción gandeira
FINALIDADE	12	Agricultura, pesca e alimentación
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega de diñeiro sen contra-prestación

VI. Competencias.

Esta subvención, como técnica de intervención administrativa, forma parte da actividade de fomento e ten por obxecto promover a realización dunha actuación de interese público, que entra dentro do ámbito das competencias atribuídas á Deputación de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 36.1 da LRBRL e 109.1.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral provincial para o exercicio 2022 indica que o órgano competente para o outorgamento das subvencións excepcionais é a Xunta de Goberno, a proposta do deputado delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa igual ou superior a 15.000 € de xeito individual.

En materia económico-orzamentaria, a devandita Base 24ª.4 establece que a autorización e disposición do gasto entenderanse aprobadas polo acordo ou resolución de concesión.



Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se acorde pola Xunta de Goberno:

Aprobar a excepcionalidade e o outorgamento da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000 €, a favor da Asociación de gandeiros A Fonsagrada, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Captación, formación e coordinación de novos produtores”, na anualidade 2022; subvención incluída na letra c) da liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do vixente anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2022, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 4 de febreiro de 2022.

Aprobar o gasto, por importe de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2022, a favor da mesma entidade e coa mesma finalidade descritas no parágrafo anterior.

Aprobar o texto do convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se incorpora ao expediente.”

No expediente consta, así mesmo:

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a concesión da subvención supón para a Deputación de Lugo.

Borrador do convenio que instrumentará a subvención.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento no que se pon de manifesto que a concesión da subvención cumpre todos os requisitos establecidos pola normativa de aplicación, polo que se informa favorablemente a aprobación do seu convenio canalizador.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.

Por todo o anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e o outorgamento da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000 €, a favor da Asociación de gandeiros A Fonsagrada, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Captación, formación e coordinación de novos produtores”, na anualidade 2022; subvención incluída na letra c) da liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do vixente anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2022, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 4 de febreiro de 2022.

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2022, a favor da mesma entidade e coa mesma finalidade descritas no parágrafo anterior.

3º.- Aprobación do texto do convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

23.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BOLSAS DE ESTUDOS CURSO 2021/2022.

Logo de ver a proposta da señora deputada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 14 de outubro de 2022, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de Bolsas de Estudos, correspondente ao curso 2021-2022, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 237 de data 17 de outubro de 2022, para os empregados públicos da Excma. Deputación provincial, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación provincial de Lugo.



De acordo co establecido na Base décima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 9 de decembro de 2022, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laboral fixo, laboral temporal, xubilado, e orfos, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas para bolsas de estudos correspondentes ao curso 2021-2022, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Propios Funcionarios	2.903,30 €
Propios Funcionarios Interinos	5.953,72 €
Total Propios Funcionarios	8.857,02 €
Propios Laboral Fixo	560,50
Total Propios Persoal Laboral	560,50 €
Beneficiarios Funcionarios	46.820,65 €
Beneficiarios Funcionarios Interinos	18.795,89 €
Total Beneficiarios Funcionarios	65.616,54 €
Beneficiarios Persoal Laboral Fixo	13.576,58 €
Beneficiarios Persoal Laboral Temporal	6.887,49 €
Total Beneficiarios Persoal Laboral	20.464,07 €
Total Beneficiarios Orfos	1.005,52 €
Total Beneficiarios Xubilados	7.575,94 €
TOTAL	104.079,59 €

Non obstante, esa Xunta de Goberno acordará o que estime máis oportuno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

24.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS AXUDAS DOS GASTOS DE GARDERÍA DENDE O 1 DE SETEMBRO DE 2021 ATA O 31 DE AGOSTO DE 2022.

Logo de ver a proposta da señora deputada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 14 de outubro de 2022, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de setembro do 2021 e o 31 de agosto do 2022, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 237 de data 17 de outubro de 2022, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base sétima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 9 de decembro de 2022, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laborais temporais e xubilados, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de setembro do 2021 e o 31 de agosto do 2022, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Persoal Eventual	681,11 €
Total Persoal Eventual	681,11 €
Funcionarios	817,33 €
Funcionarios Interinos	5.966,86 €
Total Funcionarios	6.784,19 €
Persoal Laboral Temporal	885,44 €
Total Persoal Laboral	885,44 €
Persoal Xubilado	312,00 €
TOTAL	8.662,74 €

Non obstante, esa Xunta de Goberno acordará o que estime máis oportuno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



25.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA, ANO 2021.

Logo de ver a proposta da señora deputada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 14 de outubro de 2022, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas na adquisición ou rehabilitación da Vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período 2021, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 237 de data 17 de outubro de 2022, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base sétima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 9 de decembro de 2022, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laborais e xubilados, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas na adquisición ou rehabilitación da Vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao 2021, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Persoal Eventual	17,27 €
Total Persoal Eventual	17,27 €
Funcionarios	5.126,87 €
Funcionarios Interinos	4.013,53 €
Total Funcionarios	9.140,40 €
Persoal Laboral Fixo	2.385,29 €
Persoal Laboral Temporal	1.067,41 €
Total Persoal Laboral	3.452,70 €
Total Xubilados	333,46 €
TOTAL	12.943,83 €

Non obstante, esa Xunta de Goberno acordará o que estime máis oportuno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

26.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INCOMPATIBILIDADE DUN FUNCIONARIO INTERINO.

Logo de ver a proposta da señora deputada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Con data 5 de decembro 2022, tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo un escrito do funcionario interino don Juan Ignacio San Ildefonso Ladrero, no que manifesta que foi nomeamento como funcionario interino do Concello de Lugo, achegando copia do mesmo.

Tendo en conta que para a determinación da procedencia da solicitude deberase acudir á normativa aplicable, é dicir, aos artigos 1, 2 e 10 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas; ao artigo 19 do Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado; ao artigo 10, apartados 1.a e 4, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e á Cláusula 4ª da Directiva 1999/70/CE do Consello, de 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o traballo de duración determinada.

Con fundamento no contido do informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, de 13 de decembro 2022, que fai referencia á situación administrativa que corresponden declarar, conforme ao disposto na Lei 53/1984 de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Tendo en conta o que antecede, na miña condición de Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do



Reglamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a don Juan Ignacio San Ildefonso Ladrero na situación administrativa de excedencia voluntaria por incompatibilidade derivada da Lei 53/1984, na praza que ocupaba como interino vacante, sen que isto supoña reserva de ningún tipo do posto de traballo que viña ocupando, nin dereito de ningún tipo de retribucións, nin lle será computable o tempo permanecido nestas situacións aos efectos de promoción, trienios e dereitos pasivos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

27.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE XUBILACIÓN DUNHA ADMINISTRATIVA DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Dolores Carballada Gesto nado o día 1 de maio de 1958, que ocupa praza de Administrativo/a de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, e posto de Responsable Coordinador/a II Plan Único, presentou ante esta Entidade solicitude de xubilación anticipada (Rexistro Xeral de Entrada nº 2022RPE022459, de data 7 de decembro de 2022), dende o día 31 de decembro do 2022.

Dona Dolores Carballada Gesto, á dita data terá unha antigüidade recoñecida de 45 anos, 1 mes e 8 días de servizos prestados.

Consideracións xurídicas e técnicas.

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:

“1.- A xubilación do persoal funcionario pode ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.

2.- A xubilación voluntaria concederase por solicitude da persoa interesada, sempre que reúna os requisitos e as condicións establecidas no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

3.- A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

(...)”.

Doutra banda, o Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 208, establece:

“Xubilación anticipada por vontade do interesado.

1.- O acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado esixirá os seguintes requisitos:

“a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 205.1.a), sen que a estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o artigo 206.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 anos, sen que, a tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. A estes exclusivos efectos, soamente se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión a percibir ten que resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada”.

2.- Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este artigo, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre, que, no



momento causante, lle falta ao traballador ata cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 205.a).

As anteditas condicións e requisitos están matizadas polo sinalado na Disposición Transitoria Sétima, que formula unha aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, a idade de xubilación e o período de cotización necesario que aplicarase de maneira gradual, fixándose para no ano 2022, segundo se expresa no seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Acceder á Xubilación Anticipada de Dona Dolores Carballada Gesto dende o día 31 de decembro de 2022, sendo o día 30 de decembro de 2022, o último día que presta servizos nesta Entidade, por ser esta a data de efectos que formula na solicitude.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

28.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE XUBILACIÓN DUN MAQUINISTA-CONDUTOR DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Raúl Lombardía Álvarez nado o día 14 de outubro de 1958, que ocupa praza de Maquinista-Condutor do Cadro de Persoal Laboral, e posto e Maquinista-Condutor, Nivel II, en

Comisión de Servizos de Condutor Órganos Goberno, presentou ante esta Entidade solicitude de xubilación anticipada (Rexistro Xeral de Entrada nº 2022RPE022345, de data 5 de decembro de 2022), nº Expediente: 2022/PES_03/024116, dende o día 31 de decembro do 2022.

Considerando que D. Raúl Lombardía Álvarez, á dita data terá unha antigüidade recoñecida de 35 anos e 4 meses de servizos prestados nesta Entidade.

Consideracións xurídicas e técnicas.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece, como un dereito individual dos empregados públicos, “á xubilación segundo os termos e condicións establecidas nas normas aplicables”.

Así mesmo, no artigo 53 do Convenio Colectivo único do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo contempla a posibilidade de acollerse á xubilación voluntaria determinando que se rexerá polas disposicións que sexan de aplicación específica nesta materia, debendo entenderse que, ao igual que se sinala para o persoal funcionario o artigo 67.2 do citado Real Decreto Lexislativo 5/2015: “Procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidos no Réxime de Seguridade Social que lle sexa aplicable”.

Doutra banda, o Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 208, establece:

“Xubilación anticipada por vontade do interesado.

1.- O acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado esixirá os seguintes requisitos:

“a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 205.1.a), sen que a estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o artigo 206.



b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 anos, sen que, a tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. A estes exclusivos efectos, soamente se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión a percibir ten que resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada”.

2.- Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este artigo, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre, que, no momento causante, lle falta ao traballador ata cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 205.a).”

As anteditas condicións e requisitos están matizadas polo sinalado na Disposición Transitoria Sétima, que formula unha aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, a idade de xubilación e o período de cotización necesario que aplicárase de maneira gradual, fixándose para no ano 2022, segundo se expresa no seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Acceder á solicitude de Xubilación Anticipada de D. Raúl Lombardía Álvarez dende o día 31 de decembro de 2022, sendo o día 30 de decembro de 2022, o último día que presta servizos nesta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

29.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTO DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta de aprobación do “Memorándum de entendimiento entre el Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones y la Diputación de Lugo.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Aprobación do “Memorándum de entendimiento entre el Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones y la Diputación de Lugo.

En relación ao asunto de referencia (exp. 2022/XEN_01/003670) procede emitir o seguinte informe:

Primeiro. No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de



boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo. No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Terceiro. O presente memorandum ten natureza administrativa e non lle é de aplicación nin a Lei de contratos do sector público nin a lexislación xeral de subvencións.

Cuarto. O órgano competente para a aprobación do memorandum, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Tendo en conta que a proposta de aprobación do memorandum é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o texto do “Memorándum de entendimiento entre el Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones y la Diputación de Lugo” que se incorpora ao expediente.

Segundo.- Iniciar a tramitación de cambio de titularidade dominical do Hospital Psiquiátrico “San Rafael” (referencia catastral 000900500PH27G0001XZ –Edificación) a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones” de acordo coa lexislación patrimonial das entidades locais”.

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo,

1º.- Aprobar o texto do “Memorándum de entendimiento entre el Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones y la Diputación de Lugo” que se incorpora ao expediente.

2º.- Iniciar a tramitación de cambio de titularidade dominical do Hospital Psiquiátrico “San Rafael” (referencia catastral 000900500PH27G0001XZ –Edificación) a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones”, de acordo coa lexislación patrimonial das entidades locais, para a execución do Proxecto de Construción de Centro de Acollida de Protección Internacional.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

30.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.